

PARLAMENTO
DE GALICIA



//Afundación
Obra Social ABANCA

La Voz de Galicia

Comisariado | [Aser Álvarez González](#)

Caricaturas orixinais | [Siro](#)

Documentación | [Carlos Laíño e La Voz de Galicia](#)


Deseño e maquetación | [Aldán Delgado \(Arraianos Producións\)](#)

Impresión | [LAU Creaciones](#)

Produción | [Arraianos Producións](#)



Textos
en castelán



40
ANOS DE AUTONOMÍA
DE GALICIA
NAS
CARICATURAS **DE
SIRO**

Do 27 de marzo ao 21 de maio de 2025

SEDE AFUNDACIÓN, FERROL
Praza da Constitución s/n

UNHA HISTORIA DE ÉXITO PARA COMPARTIR

Practicamente desde os seus inicios, catro décadas atrás, o Parlamento de Galicia foi conformando unha valiosa colección de arte contemporánea, un verdadeiro tesouro que se suma aos fondos bibliográficos e documentais relacionados coa cultura e as institucións, tamén depositados na Cámara lexislativa.

A xenerosa doazón efectuada por Siro enriquece, xa que logo, o patrimonio artístico e documental do Parlamento de Galicia, do que son titulares, en última instancia, todas as galegas e galegos. Grazas, Siro, pola túa xenerosidade.

Acontece que esta doazón se formalizou cando a Autonomía galega se dispoñía a celebrar os seus primeiros 40 anos de vida, razón abondo para organizar esta mostra que, coa colaboración de Afundación, Obra Social ABANCA e de La Voz de Galicia, se exhibe por vez primeira fóra do Pazo do Hórreo, permitíndonos recuperar a memoria dos protagonistas —algúns xa esquecidos por boa parte da cidadanía— desta historia de éxito colectivo. Porque, por riba de erros ou fracasos puntuais, a Autonomía dotou a Galicia da etapa de maior crecemento, prosperidade e estabilidade de toda a nosa historia. Un éxito colectivo que nos dispoñemos a rememorar e compartir cos galegos e galegas de man das talentosas caricaturas de Siro, complementadas coas páxinas do xornal nas que no seu día apareceron publicadas.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente do Parlamento de Galicia

En 1985, Santiago Rey Fernández-Latorre propúxome trocar a Oficina Técnica de Bazán pola redacción de La Voz de Galicia para dedicarme só ao xornalismo, e aceptei. Foi un acerto. Juan Ramón Díaz, o director, tivo outro cando me dixo: “Vas facer cada día unha viñeta sobre o feito político máis importante na comunidade”. O éxito foi extraordinario. Ver en caricatura e en situacións cómicas aos protagonistas da política galega era tan novedoso, que divertía por igual a lectores e protagonistas das viñetas. Por iso, en 1986, celebrouse nos baixos de San Caetano unha exposición con cen orixinais e á inauguración asistiron líderes de todos os partidos. Fun consciente de que na Voz estábamos a facer a historia gráfica da Autonomía galega e, para que nada quedase por analizar, botei a vista atrás e ilustrei os feitos máis relevantes desde o comezo da primeira lexislatura, en Nadal de 1981. Parte desa historia quedou recollida nos álbumes *Cofrades do Cristo da Autonomía* (1988), *16 anos de Parlamento Galego* (1998) e *A Autonomía Galega nas caricaturas de Siro* (2009).

Recentemente doe ao Parlamento de Galicia case 1600 orixinais e hoxe presentamos esta mostra cunha escolma de 230, feita, naturalmente, cun criterio de cualidade dos debuxos; pero na que tamén recordamos os momentos da maior transcendencia e a políticos con gran protagonismo, que xa non están con nós.

Poderíamos facer outras, con 230 orixinais diferentes e serían igualmente representativas; pero esta é a que prefiro para poñer punto final a unha vida de caricaturista político que empecei hai cincuenta anos.

